

**ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL**

Procedemento	Procedemento aberto simplificado/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	<b>Servizo de produción e execución da Cabalgata dos Reis Magos de 2020</b>	
Número expediente	AVS 05101 19/11	Cívidas 2019116502
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	18 de decembro de 2019	
Hora de inicio	10:45:00	
Hora remate	10:52:00	
Asistentes sen voto	Don Felipe Cotovad Martínez, arquitecto municipal e don Alejandro Padilla Rodríguez, representante do grupo municipal PP.	

**Presidente:**

Don Julián Reina Villalón, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.

**Vocais:**

Don Leopoldo Moure García, secretario xeral; don Vicente Calvo del Castillo, interventor municipal e don Joaquín Martínez Cubero, xefe de servizo (Cultura).

**Secretario/a**

Don Rogelio Cenalmor Palanca, xefe do servizo de Contratación

A Presidencia da por iniciado o acto.

**ORDE DO DÍA****1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada en data 11/12/2019.**

Se aproba co voto favorable dos vocais asistentes que participaron na sesión anterior.

**2.- Dar conta da subsanación solicitada, do presentado e calificación da documentación presentada polo licitador proposto para a adxudicación. Adopción de acordo/s.**

Deuse conta de que, en cumprimento do acordado pola Mesa de Contratación Permanente na súa sesión do 11/12/2019; se remitiu á empresa JARABE COMUNICACIÓN, SLU o requerimento para a subsanación dos defectos detectados na sesión anterior.

A empresa requirida presenta a documentación a ditos efectos dentro do prazo concedido.

O día 17/12/2019 a Intervención Municipal emite informe coa opinión técnica favorable ao respecto da acreditación da solvencia económica e financeira da empresa proposta para a adxudicación.

O día 17/12/2019 o arquitecto municipal emite informe técnico favorable ao respecto da acreditación da solvencia técnica e a acreditación de seguros dos vehículos da empresa proposta para a adxudicación.

Tendo en conta o anterior; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os vocais asistentes, acorda:

- CALIFICAR favorablemente a documentación presentada no prazo de subsanación e, xunto coa xa calificada favorablemente na sesión do 11/12/2019, elevar proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da empresa JARABE COMUNICACIÓN, SLU.

Remata o acto e o asistente abandona a sesión.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

***DILIXENCIA:*** *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 03/02/2020; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*